

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**ADOS PRINCIPIA A SEGUNDA FASE DA CAMPAÑA ESPECIAL NA UNIVERSIDADE CO  
OBJECTIVO DE SUPERAR AS 4.542 DOAZÓNS DO PASADO CURSO ACADÉMICO**

- ***No transcurso da primeira fase participaron 2.367 membros da comunidade universitaria, dos cales 834 doaban sangue por vez primeira***

**Santiago, martes 12 de marzo de 2019.-** A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) principia a segunda fase da campaña especial de doazón de sangue na Universidade, marcándose como obxectivo superar ás 4.542 doazóns recollidas no pasado ano académico.

No transcurso da primeira fase da campaña na Universidade do curso 2018-2019, rexistrouse a participación de 2.367 membros da comunidade universitaria, cifra que representa un incremento do 2,6% con respecto ao mesmo período do curso anterior. Especialmente salientable resulta a participación de 834 cidadáns que doaron sangue por vez primeira, cifra que representa o 35% do total de doazóns rexistradas.

**Importante participación**

ADOS lembra a importancia que ten o desenvolvemento das campañas de doazón no eido educativo, tanto en centros de educación non universitaria como universitaria xa que, para moitos xovenes, é o primeiro contacto que teñen co solidario xesto da doazón de sangue.

Esta iniciativa, que se prolongará ata o vindeiro mes de maio, é posible grazas á colaboración que brindan os reitores das tres universidades, así como os decanos e directores de todos os centros educativos, así como todos os membros da comunidade universitaria (PAS, alumnos e alumnas....)

Nas xornadas previas ao desenvolvemento da cada campaña, impartiranse charlas didácticas e distribuírse material informativo cos requisitos precisos para doar e da data e lugares onde podemos participar.

ADOS quere reiterar o agradecemento a todos os membros da comunidade universitaria a súa colaboración, ao tempo que reitera o seu compromiso co labor educativo e de sensibilización que se levan a cabo nas Universidades. Neste sentido, lembrar que a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue desenvolve outras iniciativas como a realización de visitas formativas por parte dos centros universitarios ata as instalacións de ADOS, colaboración con distintos colectivos e asociacións universitarias ou a realización de proxectos de Aprendizaxe e Servizo levados a cabo con distintas facultades da Universidade de Santiago de Compostela (USC), concretamente, neste curso coas Facultades de Ciencias da Educación e de Enfermaría da USC.

SAÚDOS,  
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE